

II CONVENIO PARA O PAS LABORAL

REFERENDUM SOBRE O PREACORDO UNIVERSIDADE-CIG

15 de novembro 2006

INSTRUCCIÓNS

Estatuto dos Traballadores, artigo 80

“Cando se someta á asemblea por parte dos convocantes a adopción de acordos que afecten ao conxunto dos traballadores, requirirase para a validez daqueles o voto favorable persoal, libre, directo e secreto, incluído o voto por correo, da metade máis un dos traballadores da empresa ou centro de traballo.”

Para que o proceso de consulta se desenvolva consonte ao establecido no artigo 80 do Estatuto dos Traballadores, o Comité Intercentros reunido en sesión extraordinaria o 13 de novembro, logo das oportunas deliberacións establece as seguintes

INSTRUCCIÓNS

O Comité Intercentros constitúese en Xunta electoral aos efectos de organizar a consulta ao persoal mediante un referendun.

A consulta realizarase por medio de Mesas electorais que terán as funcións que estas instrucións lle encomenden.

Mesas electorais

Constitución das Mesas electorais

Funcións das Mesas electorais

Lugares e horario de votación

Censos

Procedemento de votación

Voto por correo

Escrutinio

Mesas electorais:

Estarán compostas por un representante de cada un dos sindicatos membros do Comité Intercentros

Constitución das Mesas electorais

As mesas constituiranse antes da hora sinalada para o inicio das votacións, comprobarán que dispoñen de urna precintada, papeletas de votación, censo e demais documentos, levantando acta da súa constitución.

Lugares e horario de votación:

Ourense: Edificio Politécnico

Pontevedra: Ciencias Sociais

Vigo: Reitoría e Escola de Enxeñería Técnica Industrial

A votación desenvolverase entre as doce e as dezaseis trinta horas do 15 de novembro.

Censos:

O facilitado pola Xerencia da Universidade dividido por Campus ou Centros, no que figurarán as persoas que neles teñan os seus centros de traballo. Polo tanto censo do persoal do Campus de Ourense; censo do persoal do Campus de Pontevedra; censo do persoal do Campus, excepto os centros de Torrecedeira; censo dos centros de Torrecedeira.

Procedemento de votación

Os traballadores que figuren no censo correspondente con dereito a voto, acreditarano presentando o documento de identidade, permiso de conducir ou pasaporte.

Para votar, indicaran na papeleta oficial a súa opción respecto da pregunta que se formula: si, non ou en branco, e introducirana nun sobre ou dobrarana. Os membros da mesa electoral votarán ao final, antes do peche desta.

Voto en mesa distinta á correspondente polo centro de traballo

O persoal poderá exercer o dereito ao voto nunha mesa distinta á que lle corresponde polo seu centro de traballo. Neste caso o procedemento a seguir será: solicitude do traballador/a cumprimentando o impreso correspondente, comprobación por parte da mesa onde pretende exercer o voto de que non o fixo na súa correspondente comunicando por teléfono e anotando a incidencia na acta de escrutinio

Voto por correo

Para exercer o voto por correo, remitirase a través do servizo postal ou do rexistros da Universidade, ao Comité Intercentros (Xunta Electoral) a papeleta de votación.

A papeleta poderá descargarse dende a web do Intercentros, Introducirase nun sobre pechado sen marcas que o identifiquen. Este sobre introducirase noutro, no que se introducirá tamén unha fotocopia do documento de identidade, e o impreso asinado no que manifesta o seu desexo de exercer o voto por correo.

Os que desexen remitir o seu voto a través dos rexistros da Universidade, xuntarán grampado o sobre de votación e a fotocopia do documento de identidade.

O prazo para votar por correo rematará ás 16:30 horas do día 15 e novembro e recibirase na Xunta electoral ate as 14:00 horas do día 17.

Escrutinio

Rematada a votación, os membros das mesas procederán ao escrutinio e levantará acta do mesmo. Na acta deberán figurar os seguintes datos. Membros da mesa, número de traballadores que figuran no censo, números de votantes, votos "si", votos "non", votos en branco e nulos.

Unha copia da acta remitirase por fax ao Comité Intercentros (Xunta electoral) e o orixinal entregarse na sede do mesmo ou remitirase por correo.

O Comité Intercentros, constituído como Xunta electoral, realizará o escrutinio xeral incluído o voto por correo.